



Grupo Provincial Socialista

Rúa Progreso, 32 – 2º andar
32003 Ourense
Tlf. 988 385 203 Tlf/Fax. 988 385 178
CIF: G32244345

RAFAEL RODRÍGUEZ VILLARINO, deputado e voceiro do Grupo Provincial Socialista da Deputación de Ourense, en base ó previsto no artigo 14 do Real Decreto 2568/1986 de 28 de novembro, sobre Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, presenta a seguinte

SOLICITUDE

A estrada provincial OU-0510, titularidade deste ente provincial, ao seu paso polo cruce coa estrada municipal da aldea de Triós en O Pazo, Pereiro de Aguiar, presenta varios problemas de seguridade viaria. Tivemos constancia que dende o Concello de Pereiro púxose en coñecemento da Deputación Provincial de Ourense a necesidade de melloras da seguridade viaria en dito tramo, mediante a instalación dun paso de peóns, mellora da sinalización e acondicionamento do tramo para o acceso á parada de autobús existente.

Polo que solicitamos resposta as seguintes cuestións:

- **En que situación se atopa este posible proxecto?**
- **Procedeuse a traballar xa na corrección destas deficiencias na seguridade viaria?**
- **Levarase a cabo algunha actuación na OU-0510 no seu cruce coa estrada municipal de Triós?**
- **Solicitud de copia do estudo do proxecto no caso de que existise.**

En Ourense, a 8 de abril de 2021.

Asinado: Rafael Rodríguez Villarino.

SR. PRESIDENTE DA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DE OURENSE